

BASES
XVIII CERTAME DE RELATO CURTO EN GALEGO
CONCELLO DE MUGARDOS

O Concello de Mugardos convoca a décimo oitava edición do Certame de Relato Curto en galego Concello de Mugardos.

BASES

Primeira: Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sen límite de idade.

Segunda: Os relatos terán unha extensión máxima de 10 folios. Serán realizados obrigatoriamente en lingua galega (empregando a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola RAG en 2003). O tema será libre. Deberán presentarse en formato DIN A4 por unha cara, mecanografados a dobre espazo, corpo de letra 12 e encabezados polo título. Os textos terán que ser orixinais, inéditos e non premiados en calquera outro tipo de concurso.

Terceira: Estabelécense tres categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/a por categoría.

- Categoría de iguais ou maiores de 18 anos; premio un bono de 400€.
- Categoría de 13 a 17 anos, ambos inclusive; premio un bono de 200€.
- Categoría de ata 12 anos, inclusive; premio bono 100€.

O premio de cada unha das categorías consistirá nun bono para mercar libros en galego. Para os relatos infantís haberá Mencións Especiais con diploma acreditativo e lote de libros, se o xurado o considera oportuno.

Cuarta: As/os participantes poderán presentar até un máximo de 3 relatos pero só terán opción a un premio. Achegaranse tres copias sen asinar dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o pseudónimo elixido polo/a autor/a, a categoría a que se presenta e o nome do certame. Dentro deste sobre incluírase outro sobre pechado, co pseudónimo no exterior, que deberá conter no seu interior os datos dos autor/a (nome, apelidos, enderezo, teléfono) e fotocopia do documento de identidade ou pasaporte, ou no seu defecto libro de falimia, así como declaración xurada de aceptación das bases do certame e de que a obra presentada é orixinal do/a autor/a e inédita. Se é posíbel xuntarase soporte informático do relato.

Quinta: O prazo de entrega dos relatos será de vinte (20) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria. Presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Mugardos ou enviaranse mediante correo certificado ao seguinte enderezo indicando: XVIII CERTAME RELATO CURTO CONCELLO DE MUGARDOS, Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos, Avda. de Galicia, 45. 15620 Mugardos (A Coruña), na forma que determina o artigo 16.4.B da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexta: Unha vez o xurado faga a oportuna valoración, resultará gañador aquel relato que, a criterio do xurado, sexa merecedor do primeiro premio, podendo facer ademais Mención

Especial dalgún outro se o consideran oportuno. O nome do gañador/a farase público unha vez este resolto o Certame.

O xurado estará integrado, entre outras persoas e de ser posible, pola persoa gañadora da edición anterior deste Certame na categoría de maiores de 18 anos, non podendo deste xeito participar na presente edición.

Sétima: O Concello de Mugardos resérvase a propiedade dos relatos premiados, así como os dereitos de publicación das obras premiadas nos medios que considere oportunos. Neste sentido o/a autor/a renuncia a favor do Concello a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor, podendo cederlle ao premiado/a o uso e reprodución. Os relatos non premiados permanecerán na casa do concello, a disposición dos seus autores/as, durante os dous meses seguintes á entrega de premios. Transcorrido este período, os que non foran reclamados serán destruídos.

Oitava: O acto de entrega de premios comunicarase no momento oportuno.

Novena: A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado que será inapelábel.

Mugardos, xullo 2020

Estas bases forón aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 641/24.07.2020.

Asinado dixitalmente polo secretario accidental, Diego Seijo Alonso (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020)